



INSTRUCCIÓN PARA AS DECLARACIÓN DOS LIBROS DE CONTROL DAS QUEIXERÍAS DA DOP QUEIXO TETILLA

- ❖ O libro de control de queixerías consta de dúas follas de rexistros: entrada do leite, elaboración e comercialización.

1. Rexistro de entrada do leite

- No encabezado anotarase: **Elaborador, representante cargo, e Rexistro elaborador, Rexistro Sanitario (RSI), Rexistro Industrial de Galicia (RIGA); así como o mes** no que se efectuou a actividade.
- Na táboa declararán o que corresponda:

Nº Rexistro 1º Comprador de leite	Número de inscrición no Consello Regulador
Nº Rexistro Produtor	Número de inscrición no Consello Regulador
Titular	Nome e Apelidos ou Razón Social da Gandería
Código Silo Queixería	Código de Letra Q da cisterna ou silo da queixería no que se descarga o leite para a elaboración de Queixo Tetilla
1-31	Día de entrada do leite
Total Mes Produtor	Total do leite por explotación ao fin de mes

2. Rexistro de elaboración e comercialización de Queixo Tetilla DOP

- No encabezado anotarase: **Elaborador, representante cargo, e Rexistro elaborador, Rexistro Sanitario (RSI), Rexistro Industrial de Galicia (RIGA); así como o mes** no que se efectuou a actividade.
- Na táboa cubrirán o que corresponda:



INSTRUCCIÓN PARA AS DECLARACIÓN DOS LIBROS DE CONTROL DAS QUEIXERÍA DA DOP QUEIXO TETILLA

Días	Anotarán na data de elaboración de cada lote de Queixo Tetilla DOP.
Litros de leite	Litros de leite empregados nesa elaboración.
Código Silo Queixería	Código de Letra Q da cisterna ou silo da explotación nos que se descargou o leite para a elaboración de Queixo Tetilla
Lote	Lote de elaboración.
Kilos de Queixos Elaborados	Kg de Queixo Tetilla DOP elaborado nese lote
Unidades de Queixos Elaborados	Número de unidades que conforme o lote.
Data 1ª Partida	Data de saída da primeira peza de cada lote
Lote	Lote de elaboración
Kilos de Queixos Comercializados	Kg de Queixo Tetilla DOP comercializado nese lote
Unidades de Queixos Comercializados	Número de unidades contraetiquetadas
Nº e Serie de Contraetiquetas	Número de contraetiqueta
Observacións	Roturas ou perdas de contraetiquetas, Autocontrol, pezas Ligal e/ou Panel de Cata, pezas descualificadas. Destino das pezas descalificadas

➤ **Presentación do libro de control das queixerías inscritas no Consello Regulador *Queixo Tetilla DOP***

Presentarase unha copia actualizada dese libro (declaración) ao Consello Regulador. A queixería farano no mes seguinte cada mes.

Nesta declaración anotaranse todos os datos do mes anterior, sendo suficiente cunha copia dos asentos que figuran no **libro de control**.

Recoméndase que a declaración e a presentación do libro de control se realice nunha folla de cálculo.

A presentación farase en persoa ou a través de correo ordinario, correo electrónico ou calquera outro medio que permita a súa recepción axeitada. Non obstante, o **medio preferente de entrega será o correo electrónico**.

Nese senso, este é o enderezo electrónico ao que enviarían as declaracións:

- info@queixotetilla.org



INSTRUCCIÓN PARA AS DECLARACIÓN DOS LIBROS DE CONTROL DAS QUEIXERÍAS DA DOP QUEIXO TETILLA

De optar por outros medios para entregar as declaracións, estes son os datos de contacto:

- **Consello Regulador Queixo Tetilla DOP**

Pazo de Quián, s/n - Sergude
15881 - Boqueixón (A Coruña)
Teléfono: **981 511 751**

➤ **De acordo co Procedemento de Xestión da Certificación:**

Os operadores que, sen causa xustificada, non envíen estas declaracións, non poderán optar ao envío de novas contraetiquetas ata a corrección desta circunstancia.

Se o incumprimento é por un período superior a tres meses, serán suspendidos temporalmente polo Organismo de Certificación, o que implica non só a imposibilidade de etiquetaxe, senón tamén a imposibilidade de comercialización de produtos baixo o amparo da DOP Queixo Tetilla.

As non conformidades, que poidan derivarse da revisión dos libros de control, segundo o cadro de tipificación das non conformidades do apartado *5.1.3 Informe de auditoría*, **son consideradas como Non Conformidades Leves. Os incumprimentos reiterados documentais ou NC leves poden supoñer unha NC Grave.**

As non conformidades serán notificadas ao operador para a súa corrección, segundo descríbese no apartado *5.1.4 Resolución das desviacións do presente procedemento*. Ante a ausencia de entrega do PAC para a resolución das non conformidades detectadas ou incumprimento dos prazos establecidos para iso, procederáse á suspensión temporal polo Organismo de Certificación ata a resolución das mesmas, segundo descríbese no apartado *5.4.4 Suspensión temporal da certificación*.